

2.4. desenvolvemento empresarial

O capítulo dedicado á análise do desenvolvemento empresarial está dividido en tres grandes partes. A primeira delas analiza o número de empresas existentes en Galicia segundo os datos do Directorio Central de Empresas (Dirce)¹ e do Directorio de Empresas de Galicia publicado polo IGE referido ó primeiro de xaneiro do ano 2000.

Como aspecto salientable, entre o 31 de decembro de 1999 e o de 2000 prodúcese un aumento no número de empresas activas en Galicia (un 1% máis). A 31 de decembro de 2000 había en Galicia un total de 167.732 empresas activas en Galicia (o 6,3% do total de empresas existentes en España, segundo o INE). A meiran-

de parte das sociedades activas en Galicia nese período corresponde a persoas físicas (66,7%), seguida das SRL, que acadaban o 24,2%, pertencendo o 78,3% das empresas (131.268 empresas) ó sector servicios e un 12,9%, ó sector da construción (21.626 empresas).

Segundo o Directorio de Empresas de Galicia presentado polo IGE no ano 2001, do total das 168.616 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro 2000, tiñan a súa sede social no territorio galego 166.055 empresas, e 2.561 a tiñan fóra de Galicia.

Na segunda parte faise referencia ós datos presentado polo Rexistro Mercantil Central, salientando que no ano 2000 constituíronse un

1) O Dirce cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servicios administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servicio doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

total de 5.237 sociedades (que supuñan o 4,5% das sociedades constituídas en España). Comparado co ano anterior, descende o número de constituicións de sociedades nun 2% (108 sociedades menos). A meirande parte das empresas creadas en Galicia tivo a forma de sociedade limitada (o 91%) e só un 2,7% foron sociedades anónimas. Neste ano 2000 rexistráronse once suspensións de pagamentos, o 6,8% das producidas en España, e quince quebras de empresas, un 3% das acontecidas no conxunto do estado.

Finalmente, tendo en conta a metodoloxía seguida por Ardán, analízanse os rasgos de competitividade das empresas galegas, agrupándoas en “empresas gacela”, “empresas de alto rendemento”, “empresas xeradoras de riqueza” ou “empresas de alta produtividade”. En tódolos grupos ten un peso importante o subsector de empresas de fabricación, que representa o 24,8% do total de empresas gacela, o 28,2% das de alto rendemento, o 44,8% das empresas xeradoras de riqueza e o 27,1% das empresas de alta produtividade.

Datos Dirce

O número de **empresas activas** en Galicia a 31 de decembro de 2000 ascendeu a 167.732 empresas, o que representa o 6,3% do total de empresas activas nesa data no conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia segue a se-la quinta comunidade con maior número de empresas, tras Cataluña (acolle o 18,7% das empresas españolas), Andalucía (o 14,5%), Madrid (o 14,3%) e a Comunidade Valenciana (10,7%).

Ó igual que no ano 1999, ó longo de 2000 o número de empresas activas aumentou en Galicia un 1% (5,8% en 1999), fronte ó 2% en España. Comparado coas outras comunidades autónomas, o **cadro 2.4.1.** reflicte que en 2000 a taxa de crecemento experimentada por Galicia foi a décimo terceira máis importante, superando a Cataluña (0,3%) e Castela e León, Estremadura e Cantabria, onde descende o número de empresas existente.

Atendendo á súa **distribución sectorial**, o sector servicios acolle un total de 131.268 empresas (48.302 pertencentes ó subsector comercio por xunto e polo miúdo), o 78,3% do total de empresas, fronte ás 21.626 empresas do sector da construción (un 12,9%) e ás 14.838 empresas industriais (8,8%). No conxunto do estado, estas porcentaxes representan o 78,9% no sector servicios e o 11,9% e 9,2% no caso das empresas de construción e da industria.

Atendendo á desagregación por **ramas de actividade**, **cadro 2.4.2.**, as tres ramas de actividade máis importantes segundo o número de empresas son, ó igual que no ano anterior, as de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados”, con 17.743 empresas en 2000, “establecementos de bebidas”, con 16.267 empresas, e “outro tipo de transporte terrestre”, con 12.066 empresas. As tres ramas de actividade concentran o 27,5% das empresas recollidas no Dirce, fronte ó 27,7% do ano anterior.

No concenrente ó **tamaño** das empresas galegas e a súa comparación co total estatal, o Dirce sinala que o 52,3% das empresas galegas son empresas sen asalariados (87.694 firmas), fronte ó 53,3% no ámbito estatal. Das empresas con asalariados, en Galicia un 59,3% teñen un ou dous traballadores (47.487 empresas) e un 20,9% (16.740 empresas) teñen entre tres e cinco traballadores. No conxunto do estado, estas porcentaxes son do 56,0% e do 21,0%, respectivamente.

Atendendo ó peso relativo das empresas galegas no total estatal, descende lixeiramente a importancia das empresas sen asalariados. Non obstante, no caso das empresas con asalariados prodúcese un aumento do peso relativo das de máis de 1.000 asalariados (pasa do 2,36% ó 3,06% no ano 2000). Tamén se rexistra un aumento na importancia das empresas que teñen entre 10 e 29 asalariados (do 5,32% ata o 5,4%) e nas de 1 e 2 asalariados (do 6,83% ó 6,85%).

Os datos do Dirce reflicten o predominio da **condición xurídica** de persoas físicas que

CADRO 2.4.1.

Empresas existentes nas CC.AA. 1999-00 ⁽¹⁾

	1999		2000		00/99	
	CA / total	%	CA / total	%		%
Andalucía	376.646	14,51	384.086	14,52	7.440	1,98
Aragón	75.803	2,92	80.586	3,05	4.783	6,31
Asturias	63.133	2,43	65.301	2,47	2.168	3,43
Baleares	69.574	2,68	71.424	2,70	1.850	2,66
Canarias	105.232	4,05	108.619	4,11	3.387	3,22
Cantabria	32.449	1,25	32.288	1,22	-161	-0,50
Castela-A Mancha	99.423	3,83	100.804	3,81	1.381	1,39
Castela e León	148.440	5,72	147.775	5,59	-665	-0,45
Cataluña	492.546	18,98	494.153	18,68	1.607	0,33
C. Valenciana	276.032	10,64	281.932	10,66	5.900	2,14
Extremadura	48.305	1,86	47.765	1,81	-540	-1,12
Galicia	166.072	6,40	167.732	6,34	1.660	1,00
Madrid	365.083	14,07	377.785	14,28	12.702	3,48
Murcia	68.131	2,63	69.865	2,64	1.734	2,55
Navarra	32.818	1,26	36.606	1,38	3.788	11,54
País Vasco	150.163	5,79	152.722	5,77	2.559	1,70
A Rioxa	18.716	0,72	18.985	0,72	269	1,44
Ceuta e Melilla	6.826	0,26	6.889	0,26	63	0,92
Total	2.595.392	100	2.645.317	100	49.925	1,92

(1) os datos están referidos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

CADRO 2.4.2.

Ramas de actividade máis importantes segundo o número de empresas 1999-00 ⁽¹⁾

CNAE	Ramas de actividade	1999	2000	00/99
		(número de empresas)		
45	Construcción			
	Construcción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil	11.626	11.946	320
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos pessoais e enseres domésticos			
	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	6.344	6.072	-272
	Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.723	5.602	-121
	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	17.430	17.743	313
55	Hostelería			
	Establecementos de bebidas	16.251	16.267	16
60	Transporte terrestre. Transporte por tuberías			
	Outro tipo de transporte terrestre	12.339	12.066	-273
74	Outras actividades empresariais			
	Actividades xurídicas, de contabilidade, teneduría de libros, auditoría, asesoría fiscal, estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial, xestión de sociedades de carteira.	7.513	7.384	-129

(1) os datos están referidos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

representa o 66,7% do total de empresas existentes en Galicia, fronte ó 24,2% das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2,5% das sociedades anónimas.

Comparado co total estatal, aumenta a importancia relativa das empresas que adoptan a forma xurídica de sociedade anónima e das “outras condicións xurídicas”. O peso relativo destas formas pasa do 3,1% e 5,6%, respectiva-

mente, de 1999 ó 3,2% e 5,7% do ano 2000. O peso relativo das persoas físicas permanece constante no 6,8%, mentres descende o das SRL, que pasa do 6,2% de 1999 ó 6,1% do ano 2000 (**cadro C.2.17. Empresas existentes 2000: distribución segundo a súa condición xurídica**).

A provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas a 31 de decembro de 2000, con 70.021 empresas (o 41,7% do total de

CADRO 2.4.3.

Número de empresas existentes a 1/1/2000: distribución por ramas de actividade (1)

	1999				2000				Fóra de Galicia	Total
	Galicia	Fóra de Galicia	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia		
Industrias extractivas	394	11	405	62	74	84	182	402	12	414
Extracción de produtos enerxéticos	8	1	9	2	6	-	-	8	-	8
Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos	386	10	396	60	68	84	182	394	11	405
Industria manufacturera	13.862	164	14.026	5.666	1.931	2.087	4.584	14.268	158	14.426
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	2.775	36	2.811	963	453	605	776	2.797	38	2.835
Industria téxtil e da confección	1.780	3	1.783	1.046	171	176	509	1.902	2	1.904
Industria do coiro e do calzado	68	1	69	27	13	12	12	64	-	64
Industria da madeira e da cortiza	1.886	5	1.891	667	267	315	655	1.904	4	1.908
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	881	12	893	446	74	56	361	937	19	956
Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	-	2	2	-	-	-	-	-	-	2
Industria química	162	11	173	62	11	22	66	161	6	167
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	193	7	200	69	14	24	97	204	7	211
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	991	19	1.010	324	146	181	366	1.017	18	1.035
Metallería e fabricación de produtos metálicos	2.259	20	2.279	818	391	363	760	2.332	20	2.352
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	462	19	481	201	72	33	178	484	17	501
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	454	9	463	183	47	62	163	455	6	461
Fabricación de material de transporte	475	13	488	157	44	18	272	491	12	503
Industrias manufacturerais diversas	1.476	7	1.483	703	228	220	369	1.520	7	1.527
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	109	30	139	77	17	9	23	126	33	159
Construcción	19.863	292	20.155	8.126	2.934	3.559	6.360	20.979	324	21.303
Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico	53.183	835	54.018	21.851	7.006	6.507	18.436	53.800	893	54.693
Hostalería	20.420	84	20.504	9.091	2.704	2.628	6.430	20.853	98	20.951
Transporte, almacenamento e comunicacións	13.222	183	13.405	5.370	2.101	1.531	4.360	13.362	192	13.554
Intermediación financeira	2.041	167	2.208	1.033	314	269	676	2.292	175	2.467
Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais	21.525	443	21.968	10.537	2.580	2.436	7.349	22.902	498	23.400
Educación	2.463	30	2.493	1.138	286	282	895	2.601	38	2.639
Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	5.344	29	5.373	2.446	735	537	1.741	5.459	42	5.501
Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	8.562	90	8.652	3.961	1.172	1.040	2.838	9.011	98	9.109
Total	160.988	2.358	163.346	69.358	21.854	20.969	53.874	166.055	2.561	168.616

(1) empresas con sede social en Galicia que na data de referencia realizan algunha actividade económica no territorio galego
Fonte: IGE, Directorio de Empresas de Galicia

empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 54.710 empresas (32,6%), en tanto que Lugo e Ourense tiñan 21.865 (13,0%) e 21.136 (12,6%), respectivamente.

Comparado coas cifras do ano anterior, no último ano considerado aumenta o número de empresas en tódalas provincias, salientando o crecemento de Pontevedra, cunha medra do 1,5% (803 empresas máis).

Segundo o **Directorio de Empresas de Galicia** presentado polo IGE, do total das 168.616 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro 2000, tiñan a súa sede social no territorio galego 166.055 empresas, e 2.561 a tiñan fóra de Galicia. Comparado co ano anterior, o número de empresas aumenta un 3,2%, incremento que chega ó 8,6% no caso das empresas con sede social fóra de Galicia.

O **cadro 2.4.3.** amosa que nas catro provincias galegas, unha terceira parte das empresas pertencen ó grupo de “venta, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico”. No conxunto de Galicia, así como nas provincias de Pontevedra e A Coruña, séguenlle en importancia as empresas pertencentes ás “actividades inmobiliarias e de alugueiro; servicios empresariais” e “hostalería”. Pola contra, nas provincias de Lugo e Ourense, a segunda rama de actividade máis importante en canto ó número de empresas é a de “construcción”, seguida da “hostalería”.

Tendo en conta a importancia de cada industria nas diferentes provincias (segundo o número de empresas), do **cadro 2.4.3.** pode deducirse a importancia relativa do sector de industrias extractivas, da industria de transformación do caucho e materias plásticas e das industrias de transformación de material de transporte na provincia de Pontevedra (acolle o 45,3, o 47,5% e o 55,4% do total de empresas dos devanditos sectores en Galicia, respectivamente), e a importancia das empresas pertencentes á industria téxtil e da confección e da produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e

auga, na provincia de A Coruña (55% e 61,1%, respectivamente)

Datos do Rexistro Mercantil

Respecto á información subministrada polo **Rexistro Mercantil Central**, o **cadro C.2.18.** (*Sociedades constituídas nas CC.AA. 1999-00: distribución segundo a súa forma xurídica*) amosa que ó longo do ano 2000 constituíronse un total de 5.237 sociedades mercantís en Galicia, o que representa o 4,5% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do estado. O capital subscrito por estas empresas ascendeu en Galicia a 45.993,5 millóns de pesetas (o 2,1% do capital subscrito en España), do que foi desembolsado un total de 42.876,3 millóns.

Comparando os datos das outras comunidades autónomas, Galicia sería a sétima comunidade en canto ó número de sociedades creadas ó longo do ano 2000. Neste ano catro comunidades autónomas, Madrid, Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, acollen o 65,5% do total das novas sociedades.

Respecto ó ano 1999, o devandito **cadro C.2.18.** reflicte que fronte ó aumento no número de sociedades constituídas a nivel estatal (un 5,6% máis), un total de sete comunidades autónomas experimentaron un descenso no número de sociedades constituídas: Murcia (9,6%), Extremadura (8,6%), Aragón (7,0%), A Rioxa (4,7%), Asturias (3,5%), Castela e León (3,2%) e Galicia (2,0%).

Atendendo á desagregación provincial, no ano 2000 descende o número de sociedades constituídas en tódalas provincias galegas agás na provincia de Lugo. As provincias de A Coruña e Pontevedra acollen o 80% das sociedades constituídas no último ano en Galicia (81,8% no ano precedente), porcentaxe que ascende ata o 85,7% e 80,8% no caso das sociedades anónimas e limitadas, respectivamente.

Se se considera a ratio: “número de sociedades constituídas / 10.000 habitantes” como

CADRO 2.4.4.

Sociedades que suspendieron pagos nas CC.AA. 1999-00: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
Andalucía	6	4	7	3	-	1	13	8
Aragón	15	3	5	3	-	-	20	6
Asturias	-	-	1	-	-	-	1	-
Baleares	1	-	1	-	-	-	2	-
Canarias	1	1	3	1	-	-	4	2
Cantabria	-	-	-	-	-	-	-	-
Castela - A Mancha	4	1	-	3	1	-	5	4
Castela e León	2	5	4	5	-	-	6	10
Cataluña	34	23	24	16	-	2	58	41
C. Valenciana	5	7	11	21	-	1	16	29
Estremadura	1	1	-	1	-	-	1	2
Galicia	1	7	4	4	-	-	5	11
A Coruña	1	3	2	2	-	-	3	5
Lugo	-	2	1	-	-	-	1	2
Ourense	-	1	-	-	-	-	-	1
Pontevedra	-	1	1	2	-	-	1	3
Madrid	26	19	5	7	1	-	32	26
Murcia	1	-	5	-	-	-	6	-
Navarra	2	2	1	2	-	1	3	5
País Vasco	14	12	12	6	3	-	29	18
A Ríoxa	1	-	1	-	-	-	2	-
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	114	85	84	72	5	5	203	162

Fonte: Registro Mercantil Central

CADRO 2.4.5.

Quebras de sociedades nas CC.AA. 1999-00: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
Andalucía	12	8	6	8	-	1	18	17
Aragón	8	7	6	6	1	3	15	16
Asturias	2	2	17	11	1	2	20	15
Baleares	6	6	10	4	2	3	18	13
Canarias	-	1	3	2	-	-	3	3
Cantabria	2	-	-	3	-	1	2	4
Castela - A Mancha	4	3	1	3	-	-	5	6
Castela e León	10	3	6	7	-	1	16	11
Cataluña	97	94	122	124	5	1	224	219
C. Valenciana	9	8	23	23	-	8	32	39
Estremadura	1	3	-	1	-	-	1	4
Galicia	5	4	8	9	-	2	13	15
A Coruña	2	3	2	6	-	1	4	10
Lugo	-	1	-	-	-	1	-	2
Ourense	2	-	-	-	-	-	2	-
Pontevedra	1	-	6	3	-	-	7	3
Madrid	36	29	31	29	3	2	70	60
Murcia	5	-	4	8	-	3	9	11
Navarra	2	2	1	3	-	-	3	5
País Vasco	25	31	28	18	8	6	61	55
A Ríoxa	-	2	2	4	-	-	2	6
Total	224	203	268	263	20	33	512	499

Fonte: Registro Mercantil Central

indicador aproximado da taxa de creación de empresas, 6 comunidades autónomas (Baleares, Canarias, Cataluña, Valencia, Madrid e Navarra) presentan unha ratio superior ó existente para o conxunto do estado. Galicia, que ocuparía o décimo terceiro posto nunha clasificación por esa ratio, por diante de Asturias, Cantabria, Castela e León e Estremadura, presenta no ano 2000

unha ratio de 19,2 sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes, fronte ó 28,8 rexistrado no conxunto do estado. En 1999, eses valores eran de 19,6 e de 27,3 sociedades por cada 10.000 habitantes, respectivamente.

No ano 2000 aumentou o número de **suspensións de pagos** rexistradas en Galicia.

CADRO 2.4.6.

Extincións de sociedades nas CC.AA. 1999-00: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
Andalucía	119	167	362	430	237	192	718	789
Aragón	71	73	139	234	58	20	268	327
Asturias	13	23	70	73	35	38	118	134
Baleares	50	89	129	240	44	28	223	357
Canarias	27	36	81	143	30	38	138	217
Cantabria	10	7	24	18	14	12	48	37
Castela - A Mancha	22	21	138	150	42	37	202	208
Castela e León	69	49	186	198	50	67	305	314
Cataluña	684	680	1.449	1.611	86	81	2.219	2.372
C. Valenciana	142	125	611	680	152	136	905	941
Estremadura	11	24	28	53	46	23	85	100
Galicia	37	56	216	212	65	83	318	351
A Coruña	17	23	114	79	25	38	156	140
Lugo	-	4	24	41	11	12	35	57
Ourense	5	8	25	15	16	6	46	29
Pontevedra	15	21	53	77	13	27	81	125
Madrid	724	722	959	1.047	94	110	1.777	1.879
Murcia	24	25	71	77	22	29	117	131
Navarra	29	27	73	86	6	2	108	115
País Vasco	126	148	225	354	108	91	459	593
A Rioxa	12	14	41	48	9	5	62	67
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	2.170	2.286	4.802	5.654	1.098	992	8.070	8.932

Fonte: Registro Mercantil Central

Neste ano rexistráronse un total de 11 suspensións, o 6,8% do total de suspensións rexistradas en España, fronte ás 5 suspensións do ano anterior. Desas once suspensións de pagamentos de empresas galegas, sete corresponden a sociedades anónimas e as outras catro a sociedades limitadas.

Atendendo á súa distribución provincial, o **cadro 2.4.4.** amosa que A Coruña é a provincia con maior número de suspensións, cinco, seguida de Pontevedra, con tres. A provincia de Lugo rexistra dúas suspensións e Ourense, a diferenza do acontecido nos últimos anos, rexistra unha.

No concerne ás **quebras**, producíronse un total de 15 quebras no ano 2000, o que significa o 3% do total de quebras rexistradas no conxunto do estado. Destas, nove foron en sociedades limitadas e catro en sociedades anónimas.

Por provincias, A Coruña rexistra o maior número de quebras, con dez, seguida de Pontevedra, con tres, e de Lugo, con dúas (**cadro 2.4.5.**).

Finalmente, en Galicia producíronse 351 **extincións** de sociedades mercantís no 2000, o que representa o 3,9% das rexistradas en España no mesmo período. Delas, un total de 212 corresponden a sociedades limitadas (o 60,4%) mentres que as extincións en sociedades anónimas ascenderon a 56 (un 16%). Por provincias, o maior número de extincións corresponde a A Coruña, con 140, seguida de Pontevedra, con 125, e de Lugo e Ourense, con 57 e 29, respectivamente (**cadro 2.4.6.**).

Rasgos de competitividade das empresas galegas

A análise dos rasgos de competitividade das empresas galegas partirá dos datos das empresas seleccionadas por Ardán en función dos seguintes criterios: empresas que teñen a súa sede social en Galicia, que a súa facturación excede de 51 millóns de pesetas en 1999, cumpren coas súas obrigacións rexistradas e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, á hora de analiza-la compe-

CADRO 2.4.7.

Rasgos de competitividade das empresas galegas 1997-99

	Empresas Gacela (1)		Empresas de alto rendemento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta produtividade (4)	
	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)
Maioristas	109	19,2	36	14,3	12	17,9	21	16,3
Fabricantes	141	24,8	71	28,2	30	44,8	35	27,1
Construcción	149	26,2	26	10,3	8	11,9	28	21,7
Detallistas	64	11,2	22	8,7	4	6,0	15	11,6
Sevicios	54	9,5	69	27,4	6	9,0	17	13,2
Transportes, comunicacións e serv. públicos	31	5,4	16	6,3	4	6,0	10	7,8
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	11	1,9	8	3,2	-	-	1	0,8
Minería	10	1,8	4	1,6	3	4,5	1	0,8
Total	569	100	252	100	67	100	129	100

(1) aquela empresa que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de polo menos 3 anos consecutivos, cun incremento anual superior ó 25%, durante cada un dos 3 anos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, que o VEB de 1995 sexa superior a 25 millóns de pesetas e que o crecemento do VEB debe ser do 25% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado entre o 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de Ardán

titividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela; empresas de alto rendemento; empresas xeradoras de riqueza; e, finalmente, en empresas de alta produtividade.

Das 9.238 empresas que cumpren os criterios mencionados, un total de 569 empresas, analizadas desde 1997 a 1999, son consideradas **empresas gacela** (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ó longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Do total das 569 empresas, un total de 140 empresas multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, das que 39 empresas o fan por máis de 5.

O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 64,5% no período 1997-1999, sendo no 97-98 do 73%.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.4.7.** reflicte que os tres sectores máis importantes son os de construción, fabricantes, e maioristas, que acollen ó 70,2% das empresas gacela consideradas por Ardán.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 252 **empresas de alto rendemento** (aquelas

que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ó 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 1997, 1998 e 1999 do 36,5%, 38,3% e o 36,2%, sucesivamente.

En canto á súa distribución por sectores, o **cadro 2.4.7.** reflicte que a meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de fabricación e os servicios, que acollen o 55,6% das empresas consideradas de alto rendemento.

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que cumpren os seguintes tres requisitos: crean un valor positivo para o accionista no período 97-99; o valor engadido bruto de 1997 debe ser superior ós 25 millóns de pesetas; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 67 empresas, emprazadas principalmente no sector de fabricantes, que acolle ó 44,8% das mesmas.

Finalmente, hai que considerar un total de 129 **empresas de alta produtividade** (aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado entre o

25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudio), emprazadas principalmente nas actividades de fabricación, construción e distribución maiorista, que acollen ó 65,1% das empresas consideradas. ■

